# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

## ASUNTO: "AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES NA FESTA "ARDE LUCUS 2010". PARCELAS 4 e 5

Sendo as 13:45 horas do día 21 de xuño de 2010, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:
- Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade.
- Don José Fernando Piñeiro Díaz, polo Grupo Municipal Socialista.
- Don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Dona Elva Anido Anido, Xefa do Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Asiste así mesmo dona María Elva Armesto Díaz.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar que a documentación administrativa presentada pola única licitadora considerouse correcta, e na súa consecuencia procede á apertura do sobre B, relativo á oferta económica, na que presenta os seguintes documentos:

- Bosquexo das parcelas 4 e 5
- Proposta económica, ofrecendo os seguintes prezos:

Parcela nº 5, 2.450 €
Parcela nº 4, 2.370 €

Dado que soamente presentou garantía para unha das parcelas, e á vista que se atopa presenta a autora da oferta, por parte dos membros da Mesa se lle pregunta a cal das dúas parcelas quere optar, sinalando pola súa parte que desexa concurrir á parcela número 5.

Á vista do exposto, os integrantes da Mesa, tendo en conta os criterios de adxudicación recollidos nas bases técnicas e administrativas propoñen a seguinte puntuación:

**- Parcela nº 5:**
MARIA ELVA ARMESTO DÍAZ
Oferta económica: 60 puntos
Adaptación á época na que transcorre a festa: 40 puntos.
TOTAL, 100 puntos.

Na súa consecuencia, a Mesa de Contratación acorda propoñer a adxudicación da parcela nº 5 á oferta presentada por dona MARIA ELVA ARMESTO DÍAZ, na cantidade de 2.450 €

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA — O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García — Asdo: Manuel Louzao Aldariz